

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Lois Tobío Fernández, a Valente Paz-Andrade do
30/05/1981**

Colección:

Data: 30/05/1981

De:

Lois Tobío Fernández;

Para:

Valente Paz-Andrade;

Orixe:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Destino:

Policarpo Sanz, 21, 2º (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada (con correccións manuscritas), sen asinar e sen membrete]

Mencionados:

Xesús Canabal; Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Lois Tobío Fernández, a Valente Paz-Andrade do 30/05/1981

Madrid 30 de maio de 1981
Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Querido Valentín: Recibín a túa carta. O labor que andas a facer encol de Castelao é de grande importancia, necesario e urxente. Pero non é doado e cada ano que pase menos doado será. Animo e avante.

Por desgracia os dados que me pides, concretos, non poderei darchos. Inda que me lembrese de algún sería pouco fiable porque a memoria engana. Así e todo, algo vouche poder decir.

G) O acto do 30 de xunio de 1945, pra conmemorar o noveno aniversario de Plebiscito celebrouse no ateneo de Montevideo. A revista de Bos Aires "A Nosa Terra" publicou o texto íntegro do discurso de Castelao nese acto. Teño un exemplar da folla (suplemento) do que che podo mandar fotocopia. Non sei se faláron outros no dito acto.

E) En maio de 1944 foi Castelao a Montevideo e quixo falar conmigo verbo da instalación do Consello de Galicia. Eu dinlle algunhas ideas sobre a forma xurídica que se lle podía dar. Pídeume que lle mandara por escrito esas suxerencias. Fíxeno. A eso se refire a carta da que che adxunto fotocopia. O Consello constituírase logo en Bos Aires. En Montevideo nomeouse un representante que seique foi Canabal (non estou seguro). O Consello, como sabes, estaba integrado polos deputados galegos do exilio. En Montevideo non había ningún. [nota manuscrita a lápis:] (Si estaba Somoza)

Polo demais, pra precisar esas datas e feitos a que ti aludes o mellor e máis seguro é ir á colección do xornal "El Día" que recollía con todo detalle canto se referise a estas cousas. Calquer dos nosos amigos de Montevideo pode facelo (algún dos rapaces que colaboran na audición "Sempre en Galicia"). O traballo non ten maior dificultade abonda revisar os números das datas en cuestión e inmediatamente seguintes.

A Casa de Galicia de Montevideo tirou en xulio de 1941 un número extraordinario pra que eu recollín materiais e que eu armei. Castelao mandoume un artigo "No día de Galiza. Un anaco do libro inédito Verbas de Chumbo que algún día será publicado". Teño un exemplar.

Velaí che mando tamén unha foto tomada cando chegaron de Bos Aires os oradores que viñeron participar no acto do estadio de Montevideo en 1943. Castelao aparez na segunda fía con chapeu. Isto é todo o que che podo decir. Non é moito. Coido, emporiso, que na prensa montevideana pódense recadar todos os dados que ti ques e outros máis aínda.

Unha estreita aperta do teu vello amigo

[sen asinar: Lois Tobío]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.